

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Subvencións e axudas

SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE VIGO, *CON FINANCIAMENTO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 DENTRO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL. ANUALIDADE 2018.* (FASE 16ª DE CASCO VELLO, 11ª DE BOUZAS, 3ª DAS RÚAS BUEU-MOAÑA EN COIA E 3ª DE SANTA CLARA).

Primeiro. Beneficiarios:

Os propietarios Únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

Segundo. Obxecto:

Cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de os adecuar á normativa vixente e sempre dentro dos ámbitos das áreas de rehabilitación do Concello de Vigo.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 72, de data 12 de abril de 2019 e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos>). Suprímese a obriga recollida no 3.2.4.1. a) das bases reguladoras relativa ao compromiso de uso da vivenda. O inmovible que solicite axuda deberá ter a súa propia referencia catastral. Cando o importe do custo subvencionable supere a contía de 40.000 euros será necesario achegar 3 orzamentos nos termos do artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia. Ademais será de aplicación a Resolución 31.05.2019 do IGVS publicada no DOG do 10.06.2019.

Cuarto. Contía:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao tipo de actuación e ao seu orzamento protexible e non poderá exceder do 50% do custo subvencionable da actuación ata un máximo **17.000** euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación. Nas vivendas nas que os ingresos da unidade de convivencia residente sexan inferiores a 3 veces o IPREM, a porcentaxe máxima da axuda sobre o investimento poderá chegar ao 85%. Para obras de mellora da accesibilidade poderá acadarse unha axuda do 85% do custo da actuación en vivendas con residentes discapacitados ou maiores de 65 anos. En casos de nova vivenda xerada en substitución de outra previamente demolida, a axuda máxima, non poderá exceder do 40% do custo subvencionable da actuación ata un máximo de **30.000** euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Dous meses desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS.

En Vigo, a 28 de outubro de 2019
A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez